

11.7 Criterios de cualificación

11.7.1 Avaliacións trimestrais

En cada avaliación realizarase polo menos unha proba que non "librará materia", a porcentaxe en que influirá cada unha das probas na nota final da avaliación de xuño:

1ª Avaliación: Exame de representación gráfica de funcións (20%)
Exame da primeira parte de análise (80%)

2ª Avaliación: Exame de todo análise.
Bloque de Análise: (45% nota 1ª avaliación + 55% nota de todo análise)
Exame de análise e álgebra
Nota 2ª aval: Media aritmética de (Bloque de análise e exame de análise e álgebra)

3ª Avaliación: Exame de sistemas con interpretación xeométrica
Bloque de Análise e Álgebra: (90% nota exame de análise e álgebra + 10% nota do exame de sistemas con interpretación xeométrica)
Exame final (BLOQUES Análise+Álgebra+ Xeometría)

CUALIFICACIÓN FINAL:

15% BLOQUE DE ANÁLISE+40% BLOQUE DE ANÁLISE E ÁLXEBRA + 45% EXAME FINAL

O alumnado terá a posibilidade, unha vez rematado o exame final, de presentarse a unha proba formada por tres preguntas (unha de cada bloque) que permitirá subir un máximo de 1,5 puntos a nota final. Ao tratarse de avaliación continua NON se realizara ningún tipo de recuperación de ningún dos exames. A cualificación de cada avaliación calcularase a partir das notas obtidas en cada unha das probas escritas realizadas ata o momento. Dado que estas cualificacións poden ter cifras decimais e nos boletíns e actas deben consignarse cun valor enteiro entre 1 e 10 o profesor utilizara o resto dos instrumentos de avaliación para aproximar as cualificacións dos exames por defecto ou exceso ao devandito valor enteiro.

11.7.2 Avaliación final ordinaria do mes de xuño

Un día cada semana do curso, agás a semana dos exames, todos os alumnos poderán entregar exercicios de modo voluntario para a súa corrección (serán parte dos exercicios que queden sen facer en cada un dos boletíns). Este traballo poderá ser tido en conta positivamente a hora da cualificación.

A nota final será a media das tres avaliacións ponderada coas porcentaxes anteditas e sometida as correccións e redondeos que procedan en virtude do traballo desenvolvido e conforme aos criterios expostos. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de 5 no cálculo da nota final.

Para os alumnos que, segundo o establecido polo noso R.R.I., perdesen o seu dereito á avaliación continua por absentismo inxustificable, a cualificación final ordinaria de xuño será á que resulte dun exame extraordinario global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso.

11.7.3 Avaliación final extraordinaria do mes de setembro

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderán realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo centro. Considerarase superada a materia